



Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Sarria para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas, consonte a mesma lei e a de réxime local xa citada, coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial. Con tal motivo promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, que veu substituír a Lei 3/1992, do 23 de marzo, co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega. Nesta mesma Lei, no artigo 95, prevese que nos concellos con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas poderase incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía.

Con data 8 de agosto de 2016, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG nº 201, do 20 de outubro), aprobou o Plan Específico da liña de subvencións de carácter singular para a concesión de axudas económicas destinadas a concellos turísticos de Galicia para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2016.

Neste Plan establécese que para canalizar as subvencións previstas formalizaranse os correspondentes convenios de colaboración, mediante os que se contraerán, con cargo ao crédito orzamentario que legalmente procede, os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para colaborar nas referidas contratacións.





Consonte o anterior, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co Concello de Sarria un convenio de cooperación para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, formalizouse o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangueu desde o día da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Sarria para aumentar a eficacia do seu corpo de policía local, no desenvolvemento das funcións que lle son propias, durante a tempada de verán 2016 mediante a contratación de auxiliares de policía local.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Sarria, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, atópase entre os primeiros concellos turísticos de Galicia con poboación superior a 10.000 habitantes que dispoñen de maior número de prazas de aloxamento. Durante a tempada de verán, o incremento de poboación neste núcleo require un esforzo adicional para atender a demanda dunha seguridade pública municipal reforzada, que responda con garantías a estas específicas condicións estacionais, mediante o recurso á contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía, figura recollida no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, xa citada. As dificultades para afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán representan para as facendas municipais únense á necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de austeridade económica no que se inscribe a acción de todas as administracións públicas, sen que a Administración Local constitúa unha excepción neste sentido. Pola súa banda, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; neste sentido atopa de interese reforzar a vixilancia e a seguridade nos concellos turísticos de Galicia con maior incremento poboacional estacional, co fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lles son propias durante a tempada de verán 2016 (xuño, xullo, agosto e setembro). Asemade representa unha medida de apoio ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, que redundará na mellora da calidade de vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía. Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia consta no expediente que neste convenio non foron de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, ao realizarse en desenvolvemento do Plan Específico de subvencións aprobado, onde se recollen as razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa de subvencións para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, a aqueles concellos turísticos de Galicia co maior incremento estacional de poboación vinculado ao seu carácter de destinos turísticos e á capacidade en prazas de aloxamento, entre os que se atopa o Concello de Sarria.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegou a





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

R/ Madrid 2-4, 2º. As Fontiñas
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
Correo electrónico: dxal@xunta.es

galicia

cantidade máxima de seis mil euros (6.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.460.0 (C.P. 2015 00095) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez (asinado dixitalmente á marxe)

